




RESUMO MITOLOGÍA CLÁSICA


Cultura Clásica. IES Alexandre Bóveda

MITOLOXÍA CLÁSICA

- A mitoloxía clásica é o conxunto de mitos e lendas da cultura da Grecia Antiga e formaba parte da súa relixión.
- Estes mitos e lendas aparecen tanto en fontes literarias como artísticas.
- Principais fontes literarias:
 - Os poemas de Homero a *Ilíada* e a *Odisea* sobre os sucesos en torno á guerra de Troia.
 - Os poemas de Hesíodo, a *Teogonía*, sobre a orixe do mundo e dos deuses, e os *Traballos e días*, con importantes mitos como o de Prometeo ou Pandora.
 - Na época romana adaptáronse estes mitos á cultura latina grazas a poetas como Ovidio en obras como as *Metamorfosis*.
- A historia mitolóxica do mundo divídese en tres grandes periodos:
 1. A idade dos deuses
 2. A idade dos deuses e os mortais
 3. A idade dos heroes



Homero



Hesíodo

1. A IDADE DOS DEUSES

- Nesta idade explícase a orixe do mundo e dos deuses.
- Comeza co **Caos**, un gran baleiro de onde emerxeu **Gea** (a Terra) e outros seres divinos: Eros (Amor), o Tártaro (o Abismo) e o Erebo (a escuridade e as sombras).
- Gea deu a luz a **Urano** (o Ceo) e este fecundouna, nacendo primeiro os Titáns (Océano, Ceo, Crío, Hiperión, Jápeto, Tea, Rea, Temis, Mnemósine, Febe, Tetis y Crono), e logo os Cíclopes e os Hecatónquiros.
- **Crono**, un dos Titáns, derrocou e castrou ao seu pai Urano converténdose no gobernante dos dioses coa súa irmá e esposa Rea durante a idade dourada.




A castración de Urano, Vasari y Gherardi



2. A IDADE DOS DEUSES E OS MORTAIS

- Crono soubo que estaba destinado a ser derrocado por un dos seus fillos e por iso foi tragando aos seus fillos **Deméter, Hera, Hades, Hestia e Poseidón** tal como naceron.
- Pero cando ía nacer o seu sexto fillo, **Zeus**, Rea deuno a luz en segredo e entregou a Crono unha pedra.
- Zeus foi criado pola cabra Amaltea e cando medrou logrou sacar aos seus irmáns do estómago de Crono.
- Comezou a **Titanomaquia**, a guerra entre Zeus e os seus irmáns e fillos, axudados dos Hecatónquiros e os Cíclopes, contra Crono e o resto de Titáns.
- Finalmente perderon os Titáns e a maioría foron condenados ao Tártaro.




Saturno devorando ao seu fillo, Goya




A DIVISIÓN DA TERRA E OS DEUSES OLÍMPICOS

- Coa vitoria de Zeus e os seus irmáns e fillos os deuses lograron a supremacía no mundo.
- A Terra quedou dividida en tres reinos: o Ceo para **Zeus**, os océanos para **Poseidón**, e o inframundo para **Hades**.
- A maioría dos deuses vivían no monte Olimpo, polo que foron chamados **Deuses Olímpicos**. Foron doce, entre os que destaca a ausencia de Hestia e Hades por distintos motivos, e foron as principais deidades da mitoloxía e relixión grega.
- A maioría dos deuses estaban relacionados con aspectos humanos ou da vida. Todos os deuses eran inmortais e eternamente mozos. Pero cada un tiña a súa propia xenealoxía, o seu carácter, as súas relacións sociais e perseguía intereses distintos.
- A esta etapa chámase normalmente a **Idade dos Deuses e os Mortais** porque normalmente se mesturaban libremente, tanto por amor/seducción como por castigo.



ZEUS/XÚPITER

- Principal divinidad do Panteón grego, líder do resto de deuses.
- É o deus do ceo e o trono, con atributos como o cetro, a coroa ou o lóstrego.
- Fillo menor de Cronos, enfrontouse ao seu pai e liberou aos seus irmáns.
- Casou con Metis e logo coa súa irmá Hera. É coñecido polas súas numerosas amantes, coas que tivo unha gran descendencia, incluíndo moitos deuses e heroes. Os seus principais relatos teñen que ver coas súas aventuras amorosas, onde se transforma ou disfrazza para logralas.
- Principal descendencia con deusas:
 - Con Metis: Atenea*
 - Con Hera: Ares e Hefesto*
 - Con Deméter: Perséfone
 - Con Mnemósine: as Musas
 - Con Leto: Apolo e Artemisa
 - Con Maya: Hermes
- Principal descendencia con mortais:
 - Con Alcmena: Heracles
 - Con Dánae: Perseo
 - Con Europa: Minos
 - Con Leda: Cástor, Polux y Helena
 - Con Níobe: Argos
 - Con Sémele: Dionisio




Zeus, museo Vaticano




POSEIDÓN/NEPTUNO E HADES/PLUTÓN

- Fillos de Cronos e Rea, foron liberado por Zeus e xunto a el gobernaron o mundo.
- **Poseidón:**
 - É o deus dos mares e os terremotos, co tridente como principal atributo.
 - Colaborou moitas veces con Apolo e era rival de Atenea.
 - De carácter iracundo, cando se enfadaba provocaba terremotos e naufraxios.
 - Casou coa ninfa Anfitrite, pero tivo moitas amantes. Entre os seus fillos destaca o heroe Teseo. Tamén tivo fillos non humanos como o cabalo Arión, o carneiro Vellochino de Ouro ou o cíclope Polifemo.
- **Hades:**
 - É o deus do inframundo, o reino invisible ao que van os mortos. O seu principal atributo é o casco de invisibilidade.
 - Tiña un carácter tranquilo e só en circunstancias excepcionais interviña.
 - Casado con Perséfone a quen raptou en contra da vontade da súa nai, Deméter.
 - Os seus principais relatos teñen que ver con aqueles vivos que osaron entrar no Inframundo. Só o lograron Heracles, Odiseo, Eneas, Orfeo, Teseo e Psique.



Poseidón, Copenhagen



Hades, copia romana

HESTIA/VESTA E DEMÉTER/CERES

- Fillas de Cronos e Rea e liberadas por Zeus.
- **Hestia:**
 - É a deusa do lume do fogar, polo que era unha das deusas máis veneradas.
 - Deusa con pouca importancia nos relatos mitolóxicos. Apenas saía do Olimpo e nunca se inmiscuía nas disputas dos deuses e humanos.
 - Foi pretendida por Poseidón e Apolo, pero logrou non casar e permanecer virxe.
- **Deméter:**
 - É a deusa da agricultura, do ciclo da vida e a morte.
 - Vivía fora do Olimpo y non ten demasiada presenza nos relatos mitolóxicos. Aínda así era moi venerada pola súa importancia nas colleitas.
 - Non casou con ninguén, pero tivo fillos cos seus irmáns Zeus e Poseidón.
 - A súa filla con Zeus, **Perséfone**, é a protagonista dun dos principais mitos. Foi raptada por Hades e coroada raíña do inframundo. Mentres Deméter a buscaba, a terra paralizouse, o que obrigou a intervir a Zeus. Logrou sacar a Perséfone do Inframundo, pero Hades a enganou para comer seis sementes de granada. Así tiña que volver con el cada seis meses. Eses meses correspóndese co Outono e Inverno, e cando volve coa súa nai a terra florece nas estacións de Primavera e Verán.



Hestia Giustiniani



Deméter, copia romana



HERA/JUNO E AFRODITA/VENUS

○ Hera:

- Filla de Cronos e Rea e esposa de Zeus.
- Deusa do matrimonio, adoita representarse nun trono e con coroa.
- Tivo varios fillos con Zeus, destacando Ares. Algunhas fontes din que Hefesto e fillo de ambos, e outras que é só fillo dela, en vinganza porque Atenea fora filla só de Zeus.
- É unha deusa celosa e vengativa, principalmente contra as amantes e descendencia de Zeus, aínda que tamén contra aqueles mortais que a ofenderan. Destaca o seu odio a Heracles

○ Afrodita:

- A súa orixe é confusa, aínda que a maioría das fontes consideran que naceu da espuma que provocou a caída dos xenitais de Urano no mar. Sería, polo tanto, dunha xeración anterior aos deuses olímpicos.
- É a deusa do erotismo e o amor carnal.
- Zeus casouna con Hefesto para evitar loitas entre os deuses. Pero tivo varios amantes, o máis importante con Ares, pero tamén con outros deuses como Hermes e mortais como Adonis.
- Tivo importancia capital na guerra de Troia, ao provocar o Xuízo de Paris.



Hera Campana



O nacemento de Venus,
Botticelli

ARES/MARTE E ATENEA/MINERVA

○ Ares:

- Fillo de Zeus e Hera.
- Deus da guerra, no seu lado violento e brutal, e da virilidade masculina.
- Rival de Atenea no Panteón grego.
- Participa na guerra de Troia en ambos bandos da contienda.
- Non casou pero tivo moitas parellas e fillos. A súa principal parella foi Afrodita con quen tivo varios fillos como Fobos, Deimos ou Eros. Un dos principais relatos sobre Ares, ten que ver co descubrimento de Hefesto da relación da súa esposa Afrodita con Ares.

○ Atenea:

- Filla favorita de Zeus, nacida da súa fronte.
- Deusa da guerra, da estratexia, da sabiduría e da habilidade. Era imbatible na guerra e nin Ares puido derrotala. Na guerra de Troia apoiou aos troianos.
- É unha divinidade virxe, nin casou nin tivo amantes, por iso é coñecida como Atenea Partenos.
- Era a deidade protectora de Atenas, gañando ese dereito nunha competición contra Poseidón.
- Foi rival de Ares e Poseidón e conselleira de varios heroes como Perseo, Heracles ou Ulises.




Ares en Villa Adriana




Atenea Varvakeion

APOLO E ARTEMISA/DIANA

- Irmáns xemelgos, fillos de Zeus e Leto.
- **Apolo:**
 - É o deus da beleza, da harmonía, da razón, das artes, da curación. Era o líder das musas, patrón da música e a poesía, coa lira como principal atributo, pero tamén o loureiro e o arco e a frecha.
 - Despois de Zeus é quizais o deus masculino máis influente e venerado na Antiga Grecia, destacando o seu famoso Oráculo de Delfos.
 - Interviu na guerra de Troia apoiando o lado troiano.
 - Non casou pero tivo moitas parellas tanto femeninas como masculinas. Tivo moitísimos fillos entre os que destacan Orfeo e Asclepio.
 - Tamén foi rexeitado por mulleres como Dafne, quen se converteu en loureiro.
- **Artemisa:**
 - Deusa da caza, dos animais, do tiro con arco. Entre os seus atributos está a lúa, o cervo ou o can de caza.
 - É unha divinidade virxe, nin casou nin tivo amantes, aínda que tivo varios pretendentes.



Apolo de Mantua



Artemisa

HEFESTO/VULCANO, HERMES/MERCURIO E DIONISO/BACO

○ Hefesto:

- Fillo de Hera, con ou sen Zeus, depende a fonte. Din que, como naceu tan feo, Hera lanzouno do Olimpo quedando lisiado.
- Deus da forxa e o lume, ferreiro e artesán dos deuses. Fabricou moitos dos símbolos dos deuses e heroes como o casco e as sandalias de Hermes, o cinturón de Afrodita ou a armadura de Aquiles.
- Zeus casouno con Afrodita, quen lle era infiel.

○ Hermes:

- Fillo de Zeus e Maya.
- É o deus mensaxeiro, dos viaxeiros e do comercio, e quen guía as almas ao inframundo.
- Caracterizado polas sandalias e o casco alado.
- Casado con Dríope con quen tivo a Pan. Tamén mantivo outras relacións como con Afrodita, de quen naceu Hermafrodito.

○ Dioniso:

- Fillo de Zeus e Sémele. É o deus olímpico máis novo, así como o único nacido dunha muller mortal. Foi xestado na perna do propio Zeus e criado polas ménades para que Hera non o atopara.
- Deus do viño, da agricultura, das festas e do teatro. Inspirador da locura e o éxtasis. As ménades eran as mulleres que o acompañaban.
- Casado con Ariadna, tamén tivo relacións extramaritais como con Afrodita.



A fragua de Vulcano, Velázquez



*Hermes co neno
Dioniso, Praxiteles*

3. A IDADE DOS HEROES

- A época na que viviron os heroes coñécese como a Idade dos Heroes.
- Os heroes eran semideuses ou humanos con cualidades sobrehumanas e un gran valor e coraxe. Isto levábaos a perseguir os seus obxectivos sen importar os obstáculos, fundando cidades gregas polo camiño.
- A poesía épica creou ciclos de historias en torno a certos heroes e os seus descendentes, creando sagas de heroes.
- A Idade dos Heroes terminou pouco despois da guerra de Troia.
- Principais heroes:
- **Prometeo:**
 - Titán protector dos humanos.
 - Axudou a Zeus na súa loita con Cronos.
 - Moi astuto, ridiculizou a Zeus e este prohibiu o lume aos humanos. Prometeo robouno e Zeus castigouno encadeándoo nunha rocha onde unha águia comeríalle o seu fígado cada día pois, ao ser inmortal, rexenerábase pola noite. E aos humanos envioulles a Pandora quen levaba unha caixa que contiña todos os males do mundo. Heracles liberou a Prometeo.



Prometeo, Ribera



○ Perseo:

- Semideus, fillo de Zeus e Dánae.
- Marido de Andrómeda e bisavó de Heracles.
- Fundador de Micenas.
- A súa principal fazaña foi matar a Medusa, coa axuda de Atenea e Hermes. Medusa era unha Gorgona que podía converter en pedra.
- Á volta rescatou a Andrómeda de ser devorada por un monstro mariño.

○ Heracles/Hércules:

- Semideus, fillo de Zeus e Alcmena.
- Foi o heroe grego máis celebre, paradigma da virilidade, a forza e o coraxe. Tivo unha gran descendencia, chamada Heráclidas.
- Como fillo ilexítimo de Zeus, foi perseguido dende neno por Hera. Ela provocou en Heracles un ataque de tolemia que o levou a matar á súa muller e fillos. Avergonzado, marchou ao Oráculo de Delfos onde lle mandaron facer doce traballos en penitencia, cada cal máis difícil (dende matar ao león de Nemea a capturar a Cerbero).



*Perseo coa cabeza de Medusa,
Cellini*



*Hércules e o Cancerbero,
Zurbarán*

○ Teseo:


- Mortal, fillo de Etra e Egeo, ambos mortais, ou fillo de Poseidón segundo outras fontes.
- Fundador de Atenas.
- A súa principal fazaña foi matar ao Minotauro que estaba no laberinto de Minos. Cada ano Atenas enviaba a sete mozos e sete mozas para ser devoradas polo Minotauro, como tributo ao rei Minos. Teseo foi con eles e, axudado pola princesa Ariadna, logrou darlle morte.
- Á volta a Atenas abandonou a Ariadna e embarcouse noutras aventuras que o levaron ata o Inframundo, onde Heracles o rescatou.



*Teseo e o Centauro,
Canova*

○ Jasón:

- Mortal, fillo de Alcimede e Esón.
- Reclamou o trono de Yolco ao seu tío, quen o enviou moi lonxe a capturar o Velocino de ouro, a pel dun carneiro fabuloso, custodiado por unha serpe que nunca durmía.
- Viaxou xunto aos Argonautas, un conxunto de heroes gregos que viaxaban na nave Argo, entre os que estaban Orfeo, Polifemo, Eufemo, Cástor e Pollux ou o propio Heracles entre outros.
- Jasón logrou o velocino grazas á axuda da princesa Medea, namorada del e a quen acabou repudiando.



Jasón, fresco de Pompeia

○ Orfeo:

- Deus, fillo de Apolo e unha das musas, Calíope.
- Tiña a capacidade de calmar a animais e humanos coa música da súa lira. Esa lira fora construída por Hermes co caparazón dunha tartaruga.
- A súa principal fazaña foi o rescate da súa esposa Euridice do inframundo, logrando coa súa música ablandar a Hades e Perséfone.

○ Ulises/Odiseo:

- Mortal, fillo de Laertes e Anticlea.
- Rei de Ítaca e casado con Penélope.
- A súa historia é contada na *Odisea* de Homero.
- Grazas á protección de Atenea e á súa astucia ten unha participación fundamental na guerra de Troia. El é quen idea o Cabalo de Troia co quen os gregos gañan a guerra.
- Despois da guerra tardou dez anos en volver a Ítaca



Orfeo encantando aos animais (detalle)



As sereas, Belly

○ Aquiles:

- Semideus, fillo de Peleo e a ninfa Tetis.
- Cando naceu Tetis quiso facelo inmortal sumerxíndoo na lagoa Estixia, pero esqueceu mollar o tallón polo que o suxeitaba, deixando vulnerabale ese lugar.
- Era moi rápido e forte, sendo reclutado por Ulises para a guerra de Troia. Esta historia é narrada na *Ilíada* de Homero.



Tetis entrega a Aquiles a armadura fabricada por Hefesto

○ Eneas:

- Semideus, fillo de Anquises e Afrodita.
- A súa historia é contada na *Eneida* de Virxilio.
- Participou na guerra de Troia no lado troiano, logrando escapar grazas en parte a axuda divina e emprendendo un longo viaxe ata chegar á Lacio (rexión italiana).
- Os seus fillos, Rómulo e Roma, fundarian Roma.



Eneas saíndo de Troia,
Barocci